



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 8 DE XULLO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS
D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D.^a OLGA M. BLANCO TEIJEIRO
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ
D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás once horas trinta minutos do día oito de xullo de dous mil once baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 11/06/2011. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data once de xuño de dous mil once.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que na páx. 3 no punto referente á elección de Alcalde-Presidente figura D. Fernando Vilar Díaz (AIAC), 2 votos, cando debe dicir D. Marcos Rodríguez Calvo, 2 votos.

E non se formulando ningún outro tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior, apróbbase por unanimidade.

2. CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. DAR CONTA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta que todos os grupos políticos municipais cumpriron en tempo e forma o establecido nos artigos 23 e ss. do ROF e 74 e 75 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, referente á súa constitución como tales, nomeando voceiros titulares e suplentes do seguinte xeito:

- O P S de G- PSOE, constitúese como grupo municipal con 4 concelleiros/a, nomeando voceiro titular a D. Manuel Meizoso López e suplente a D. José Manuel Corral Bellas.
- O Partido Popular (PP), constitúese como grupo municipal con 2 concelleiros/a nomeando voceiro titular a D. José Seco Fernández, e voceira suplente a D.^a Olga María Blanco Teijeiro.
- Alternativa Independiente de A Capela, (AIAC) constitúese como grupo municipal con 2 concelleiros, nomeando voceiro titular a D. Marcos Rodríguez Calvo, e voceiro suplente a D. Fernando Vilar Díaz.
- Por mandato legal e de acordo co establecido no artigo 74.4 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, constitúese o Grupo Mixto - BNG, có único concelleiro do BNG, D. Juan Puentes Calvo, que actúa como voceiro.

O pleno da corporación queda enterado.

3. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DOS PLENOS ORDINARIOS. PROPOSTA DA ALCALDÍA. DAR CONTA. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dase conta da proposta da alcaldía de data 4/07/2011, que copiada literalmente di:

"Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 46.2 a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/99 do 21 de abril, artigo 78.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 210 da Lei 5/97 do 22 de xullo da administración local de Galicia, corresponden ao pleno da corporación establecer a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, a proposta da Alcaldía.

Visto o anterior pola Alcaldía- presidencia propónse ao pleno da Corporación:

- Periodicidade das sesións ordinarias do pleno da corporación: bimensual
- Data: o derradeiro sábado dos meses pares
- Hora: 10.00 h

Se a data coincide con festivo, trasladarase ao inmediato sábado posterior."

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para expresar que o Grupo Municipal do Partido Popular, que representa está de acordo coa proposta da Alcaldía, xa que coincide co que este grupo político viña pedindo dende a constitución da corporación no anterior mandato municipal de 2007.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que a proposta xa lles foi comunicada en conversas anteriores ao pleno, mantidas co alcalde-presidente e que están de acordo coa proposta da periodicidade das sesións ordinarias feita ao respecto.

De seguido polo voceiro do BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que o seu grupo fixo unha proposta por escrito que contemplaba un conxunto de medidas para a organización do concello, e entre elas a proposta da periodicidade das sesións ordinarias fixabase con carácter mensual, pero de todos xeitos manifesta que non hai problema e que se acepta a proposta da alcaldía.

Visto o anterior, o pleno da corporación por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a proposta da alcaldía-presidencia sobre a periodicidade da celebración das sesións ordinarias do pleno da corporación que se levarán a cabo con carácter bimensual o derradeiro sábado dos meses pares ás 10.00 h da mañá, se coincidese en festivo a sesión ordinaria trasladarase ao inmediato sábado posterior.

4. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. alcalde-presidente ao pleno da corporación da proposta desta alcaldía - presidencia de data 04/07/2011, que copiada literalmente di:

"O artigo 20.1 c) da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de réxime local modificado pola Lei 11/99 do 21 de abril establece o carácter facultativo das Comisións informativas Permanentes para os concellos de 5000 habitantes.

Do mesmo xeito o artigo 68 da Lei 5/97 da administración local de Galicia, establece o carácter preceptivo para os Municipios de máis de 5000 habitantes, podéndose constituir potestativamente nos demais, previo acordo do Pleno do Concello.

Por outra banda o artigo 59.2 c), así como os artigos 66 e 67 da precitada Lei de Administración Local de Galicia, establece o carácter preceptivo da Comisión Especial de Contas.

Visto o anterior, propónse a creación e composición das seguintes comisións informativas permanentes:

1. A Constitución da Comisión Especial de Contas, que estaría formada polos seguintes integrantes dos Grupos Políticos municipais, atendendo a criterios de proporcionalidade da representación política do Concello:

- Dous membros do Grupo Municipal do PS de G- PSOE, un membro do Grupo Municipal do Partido Popular, un membro do Grupo Municipal de AIAC e un membro do Grupo Mixto - BNG.

Presidente:

D. Manuel Meizoso López (José Manuel Corral Bellas)

Vogais:

D. Jaime Barcia Rodríguez (Marina Bouza Couce)

D. José Seco Fernández (Olga María Blanco Teijeiro)

D. Fernando Vilar Díaz (Marcos Rodríguez Calvo)

D. Juan Puentes Calvo

Entre paréntese suplentes.

2. Comisión Informativa de asuntos plenarios:

Presidente:

Manuel Meizoso López (Jaime Barcia Rodríguez)

Vogais:

José Manuel Corral Bellas (Marina Bouza Couce)

José Seco Fernández (Olga María Blanco Teijeiro)

Marcos Rodríguez Calvo (Fernando Vilar Díaz)

Juan Puentes Calvo

- Periodicidade: o xoves anterior á semana na que se celebre a sesión plenaria correspondente.
- Hora: 10.00

Entre paréntese suplentes.

3. Xunta de voceiros.

Constitúese como órgano deliberante e de consulta, a petición da Alcaldía ou de calquera dos voceiros. Poderán asistir para informar calquera dos concelleiros/a delegados/a.

- Periodicidade: mensual.
- Data: segundo xoves de cada mes.
- Hora: 12.00 h".

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que o seu grupo está de acordo coa proposta feita pola Alcaldía - Presidencia que coincide fielmente coa proposta que se fixera xa no ano 2007, e que daquela non fora tida en conta.

Fernando Vilar Díaz por AIAC di que o seu grupo é partidario de que se fagan verdadeiras comisións informativas, xa que non se lle ve moito sentido a unha comisión denominada "de asuntos plenarios".

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo dise que na proposta de organización presentada polo BNG falábase do número de membros das Comisións Informativas e tamén do número de Comisións que deben corresponder con cada unha das áreas nas que está organizado o concello, é dicir, obras, cultura e servizos sociais.

Aos efectos de clarexar aspectos de tipo xurídico polo secretario da Corporación dise que a comisión de asuntos plenarios é unha verdadeira comisión informativa, que en caso de crearse debe dictaminar todos os asuntos que vaian a ser tratados, debatidos e votados no pleno da corporación da mencionada comisión levantarase como é preceptivo a correspondente acta.

Polo grupo municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, toma a palabra para dicir que se funciona dese xeito ao seu grupo válelle a mencionada comisión.

Para rematar o debate toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto - BNG, para manifestar que en todo caso debería cambiarse o nome de Comisión Informativa de asuntos plenarios pola de Comisión Informativa de asuntos varios.

Polo Sr. Alcalde-presidente sométese o asunto a votación adoptando o pleno da Corporación por 8 votos a favor da aprobación da proposta da alcaldía (dos concelleiros/as dos grupos municipais do P S de G - PSOE , PP e AIAC e 1 abstención do concelleiro do Grupo Mixto - BNG) o seguinte acordo:

1. A Constitución da Comisión Especial de Contas, que estará formada polos seguintes integrantes dos Grupos Políticos municipais, atendendo a criterios de proporcionalidade da representación política do Concello:

- Dous membros do Grupo Municipal do PS de G- PSOE, un membro do Grupo Municipal do Partido Popular, un membro do Grupo Municipal de AIAC e un membro do Grupo Mixto - BNG.

Presidente:

D. Manuel Meizoso López (José Manuel Corral Bellas)

Vogais:

D. Jaime Barcia Rodríguez (Marina Bouza Couce)

D. José Seco Fernández (Olga María Blanco Teijeiro)

D. Fernando Vilar Díaz (Marcos Rodríguez Calvo)

D. Juan Puentes Calvo

Entre paréntese suplentes.

2. Comisión Informativa de asuntos plenarios:

Presidente:

Manuel Meizoso López (Jaime Barcia Rodríguez)

Vogais:

José Manuel Corral Bellas (Marina Bouza Couce)

José Seco Fernández (Olga María Blanco Teijeiro)

Marcos Rodríguez Calvo (Fernando Vilar Díaz)

Juan Puentes Calvo

- Periodicidade: o xoves anterior á semana na que se celebre a sesión plenaria correspondente.
- Hora: 10.00

Entre paréntese suplentes.

3. Xunta de voceiros.

Constitúese como órgano deliberante e de consulta, a petición da Alcaldía ou de calquera dos voceiros. Poderán asistir para informar calquera dos concelleiros/a delegados/a.

- Periodicidade: mensual.
- Data: segundo xoves de cada mes.

- Hora: 12.00 h

5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA

Dase lectura polo Sr. Alcalde-Presidente á proposta da alcaldía de data 4/07/2011, que copiada literalmente di:

"1º. Consello Escolar do CEIP, Mosteiro de Caaveiro: D.^a Marina Bouza Couce.

2º. Padroado do Museo etnográfico da Capela, Presidente: D. José Manuel Corral Bellas, tesoureiro: pendente de pleno.

3º. EuroEume: D. Manuel Meizoso López.

4º. Organismo Rector do Parque Natural das Fragas do Eume: D. Manuel Meizoso López".

Maniféstase polo Sr. Alcalde-Presidente que de resultas das conversas mantidas polos distintos grupos houbo unha proposta para que se formara un goberno de concentración, pero que consultadas as bases dos respectivos partidos, tanto o Grupo Municipal do PS de G- PSOE, coma o de AIAC, mostraronse en contra de levar adiante esta iniciativa, dise polo Sr. alcalde que na proposta orixinaria figuraba D. José Seco Fernández, para o cargo de tesoureiro do museo etnográfico, pero que non aceptou ó non entrar todos os grupos.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que respeta a proposta feita polo Alcalde-Presidente e que como equipo de goberno lles corresponde facer os nomeamentos.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que o Sr. alcalde non contou ben o conto, xa que a proposta previa do grupo popular era a de facer un goberno de concentración en beneficio da Capela, aínda que había xente no seu partido que estaba en contra, pero primaba o interese xeral, así pois considera perdida unha oportunidade histórica.

Polo voceiro de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que el persoalmente nun principio estaba de acordo con ese goberno de concentración, pero que

despois de terse reunido o partido claramente a postura é de non a esa posibilidade.

Por D. Juan Puentes Calvo, voceiro do Grupo Mixto - BNG, reiterase que a proposta ía no sentido de que o concello obtivera recursos nun goberno no que estivera o PP, xa que actualmente é o partido que ostenta o goberno na Xunta de Galicia, e na Deputación Provincial.

Polo Sr. alcalde-presidente faise a proposta de incluír como tesoureira do museo etnográfico da Capela a concelleira do grupo municipal do PS de G-PSOE D.^a Marina Bouza Couce.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (4 votos a favor da aprobación da proposta da alcaldía dos concelleiros/a do grupo municipal do PS de G - PSOE e 5 abstencións dos concelleiros dos grupos municipais do Partido Popular, AIAC e Mixto -BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Nomear representantes do concello nos órganos seguintes:

- Consello Escolar do CEIP Mosteiro de Caaveiro: D.^a Marina Bouza Couce.
- Padroado do Museo etnográfico da Capela, Presidente: D. José Manuel Corral Bellas, tesoureira: D.^a Marina Bouza Couce.
- EuroEume: D. Manuel Meizoso López.
- Organismo Rector do Parque Natural das Fragas do Eume: D. Manuel Meizoso López.

2º. Notificar aos órganos correspondentes os nomeamentos efectuados.

6. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE E CONCELLEIROS/A DELEGADOS/A.

Dase conta polo Sr. Alcalde-presidente das resolucións de data 21/06/2011, referente ao nomeamento de tenentes de alcalde e concelleiros delegados, que se transcriben literalmente:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

FEITOS

1 Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír na totalidade das súas funcións pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía, nos casos de ausencia, enfermidade, ou impedimento que lle imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de alcalde nos suposto de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

2 Da presente resolución darase conta ao pleno na primeira sesión que se realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Artigos 20 e 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986.

2 Artigos 61.2, 62 e 63 da Lei 5/97 do 22 de xullo da administración local de Galicia.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Nomear Tenentes de Alcalde aos concelleiros seguintes:

Primeiro. Nomear primeiro Tenente de Alcalde : D. José Manuel Corral Bellas.

Segundo. Nomear segunda Tenente de Alcalde: D.^a Marina Bouza Couce.

Terceiro. Nomear terceiro Tenente de Alcalde: D. Jaime Barcia Rodríguez.

Cuarto. Da presente resolución dar conta ao Pleno na primeira sesión que se leve a cabo, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicalo no

Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución."

"RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS DELEGADOS

FEITOS

1 O Alcalde poderá nomear concelleiros delegados coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión dos servizos municipais.

2 Da presente resolución darase conta ao pleno na primeira sesión que se realice, notificándose ademáis persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Artigo 43 e seguintes do RD 2568/86 do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de marzo de 1986.

2 Artigos 61.3, 61.4 da Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia.

3 Con respecto á súa efectividade artigo 23 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e artigo 52.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Nomear Concelleiros delegados os seguintes:

Primeiro. Nomear a D. José Manuel Corral Bellas, concelleiro delegado de cultura, deporte e participación cidadá, con competencias nos seguintes eídos:

- asociacións
- escola de música
- escolas deportivas
- biblioteca
- información e comunicación
- festexos
- turismo

Segundo. Nomear a D.^a Marina Bouza Couce concelleira delegada de Servizos sociais, con competencia nos seguintes eidos:

- servizos sociais
- terceira idade
- muller e xuventude
- colexio
- voluntariado

Terceiro. Nomear a D. Jaime Barcia Rodríguez, concelleiro delegado de servizos públicos, con competencias nos seguintes eidos:

- obras
- rede de auga
- rede de sumidoiros
- xestión de residuos
- iluminación pública
- urbanismo
- persoal

Cuarto. Da presente resolución dar conta ao pleno na primeira sesión que se realice, notificándose ademáis persoalmente aos designados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución".

O pleno queda enterado.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas vinte e dous minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz